

DIAGNÓSTICO 2007

# enquisa a poboación xeral sobre a Sociedade da Información en Galiza



**OBSERVATORIO GALEGO**  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA  
Dirección Xeral de Promoción Industrial  
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento  
da Calidade Industrial e  
o Desenvolvemento  
Tecnolóxico de Galicia

# DIAGNÓSTICO 2007 enquisa a poboación xeral sobre a Sociedade da Información en Galiza



**OBSERVATORIO GALEGO**  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Este documento distribúese baixo licenza

Creative Commons 3.0 Spain Recoñecemento/Non Comercial/ Compartir baixo  
a mesma licenza, dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

# índice

INTRODUCCIÓN	4
0. METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. EQUIPAMENTO DOS FOGARES GALEGOS	8
I.1. Ordenador persoal e acceso a Internet	8
I.1.1. Equipamento de ordenador	8
I.1.2. Acceso a Internet	15
I.2. Equipamento electrónico	23
II. UTILIZACIÓN DAS TIC E SERVIZOS DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	32
II.1. Utilización do ordenador	32
II.2. Utilización de Internet	43
II.3. Utilización persoal do ordenador e uso de Internet	53
II.4. Utilización do ordenador e Internet no traballo	56
II.5. Utilización do ordenador e Internet no estudo	60
II.6. Elementos de seguridade	62
III. COMERCIO ELECTRÓNICO	65
IV. OUTROS ASPECTOS DE INTERESE RELACIONADOS CO USO DE NOVAS TECNOLOXÍAS	70
IV.1. O galego e as novas tecnoloxías	70
IV.2. Capacitación no uso de novas tecnoloxías	74

## INTRODUCCIÓN

---

Preséntanse no seguinte documento os resultados da Enquisa á poboación xeral sobre a Sociedade da Información en Galiza, encomendada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información, entidade que ten, entre os seus cometidos, a realización de estudos para o seguimento e a innovación das políticas desenvolvidas en materia de Sociedade da Información; a disposición dun conxunto de indicadores que permitan monitorizar a evolución da sociedade galega neste eido; así como a difusión e facilitación, co máximo nivel de detalle, da información sobre o desenvolvemento da Sociedade da Información ao conxunto da sociedade galega.

A enquisa realizada pretende, pois, obter unha fotografía o máis fidedigna posible da situación actual de Galiza no escenario da sociedade da información, desde a perspectiva do acceso e utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación por parte da cidadanía.

O seguinte informe estrutúrase en catro capítulos onde se analiza o conxunto da información extraída da enquisa realizada, respondendo á seguinte secuencia expositiva:

- Tras dun capítulo dedicado á descrición da metodoloxía deseñada e empregada para a realización da enquisa, o capítulo I efectúa unha exhaustiva aproximación ao equipamento dos fogares galegos en materia tecnolóxica, desde a dispoñibilidade de ordenador e o acceso a Internet ata outros equipamentos electrónicos.
- O segundo capítulo afonda xa nos usos tecnolóxicos da poboación galega; con independencia do equipamento existente nas vivendas, incídese na vertente individual de utilización das novas tecnoloxías desde distintas perspectivas: en primeiro termo, abórdase a utilización do ordenador e Internet de xeito xenérico para, posteriormente, ofrecer unha análise diferenciada dos usos persoais destas tecnoloxías e o seu eventual emprego noutros eidos, como o contorno profesional e o ámbito da formación e o estudo.
- Tras a análise do que se considerarían usos básicos das tecnoloxías da información e a comunicación, dedícase un terceiro capítulo ao que pode denominarse un uso avanzado: o comercio electrónico.

- Pero a enquisa contempla tamén outras cuestións de interese, como a presenza do galego no eido das novas tecnoloxías; a realización de actividades formativas relacionadas con estas tecnoloxías ou os servizos da Sociedade da Información e a propia percepción que os cidadáns e cidadás teñen do seu grao de capacitación para o manexo das TIC.

En canto á exposición dos contidos, os resultados do conxunto de preguntas incluídas no cuestionario son reflectidos neste documento mediante representación gráfica, ofrecéndose tamén en táboas e gráficas os cruzamentos polas principais variables sociodemográficas -sexo, idade, nivel de estudos, situación sociolaboral e volume medio de ingresos do fogar-, naqueles casos nos que se observan tendencias diferenciadas e as bases de cálculo son estatisticamente representativas.

Así mesmo, os resultados da enquisa relativos ao equipamento de ordenador; acceso a Internet; utilización de ordenador e Internet nos tres últimos meses, e asistencia a actividades formativas sobre TIC durante o último ano, son analizados e representados desde a perspectiva da variable hábitat, definida xa no deseño mostral, e considerando unha triple tipoloxía de hábitat urbano; intermedio e rural<sup>1</sup>.

Doutra banda, e co obxecto de ofrecer unha exposición áxil da información, optouse por desenvolver unha dinámica de intitulación o máis sinxela posible, tanto en gráficas como en cadros. Plásmanse pois en gráficas, estruturas e distribucións<sup>2</sup> porcentuais, así como a evolución de determinados indicadores ou o peso porcentual de respostas afirmativas segundo algunhas variables de cruzamento e, nalgún caso, valores promedio. Os cadros, salvo indicación específica ao respecto que clarifiquen a lectura, recollen tamén estruturas e distribucións porcentuais.

Toda a aparataxe gráfica incorpora ao pé as súas respectivas bases de cálculo, dato importante a ter en conta de cara a unha correcta interpretación dos resultados, pois nelas se especifica se os resultados corresponden á mostra total ou, pola contra, fan referencia a submostras específicas, derivadas ben dos propios filtros do cuestionario, ben da escolla intencionada de determinadas fraccións poboacionais para a elaboración de indicadores.

<sup>1</sup> Se ben a mostra da enquisa foi estratificada en catro estratos segundo o hábitat de residencia: urbano; intermedio, rural interior e rural costeiro, a efectos de análise da información procedeuse a unha agrupación dos subconxuntos correspondentes ao hábitat rural.

De xeito sintético cabe apuntar que o hábitat urbano inclúe unicamente as sete grandes cidades de Galiza. O hábitat intermedio intégranon unha serie de municipios que se sitúan na periferia das sete grandes cidades e que conforman a coroa suburbana, así como outros que combinan a característica de constituír a cabeceira de comarca e superar os 10.000 habitantes. Finalmente, o hábitat rural, tanto interior como costeiro, confórmanos os concellos de ata 10.000 habitantes que non limitan cunha capital de provincia e que presentan unha serie de trazos de carácter cualitativo, entre outros, uns reducidos espazos de urbanización; unha baixa densidade demográfica e un menor peso comparativo das actividades do sector primario.

<sup>2</sup> As distribucións porcentuais refírense aos resultados obtidos naquelas preguntas que admiten resposta múltiple e nas que, polo tanto, a suma dos valores porcentuais pode superar o 100%.

## 0. METODOLOXÍA DO ESTUDO

A Enquisa á Poboación Xeral sobre a Sociedade da Información en Galiza, encomendada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información, realizouse entre o 18 de setembro e o 15 de outubro de 2007, respondendo aos criterios técnicos que se expoñen a continuación:

- **Ámbito:** Galiza.
- **Universo:** Poboación galega de 16 a 74 anos.
- **Tipo de enquisa:** Entrevista presencial no domicilio das persoas entrevistadas.
- **Tamaño da mostra:** 1.600 entrevistas para o conxunto de Galiza, distribuídas proporcionalmente por estratos de hábitat -definidos polo tamaño demográfico dos concellos de residencia e a súa posición xeográfica-, sexo e grupos de idade.
- **Tipo de mostraxe:** Mostraxe polietápica estratificada.
- **Execución da mostra:** Catro etapas; selección aleatoria de concellos en gabinete, conforme a unha ratio de tamaño de submostra convencionalmente fixada, ata obter o número preciso en cada estrato de hábitat; selección aleatoria en gabinete de seccións censais neses concellos para constituír con elas puntos mostrais en canto ámbito de percorridos para a realización de entrevistas, cun criterio análogo ao anterior, ata obter pois o número preciso en cada concello; selección sistemática en campo, ao longo de tales percorridos -xerados con arranque aleatorio previamente definido en gabinete-, de vivendas, e selección aleatoria de individuos en tales domicilios, ata cubrir o tamaño de submostra en cada percorrido, con axuste final ás cotas de sexo e idade determinadas para cada concello.
- **Erro mostral:** Para un nivel de confianza do 95,5%  $-2\sigma$ -, e considerando a variabilidade de proporcións máxima  $-p=q=50\%$ -, o erro estatístico global é do 2,5%  $-\pm 2,5\%$ - no suposto dunha mostraxe aleatoria simple para unha variable de proporcións.

O proceso de obtención da información, a información mesma, foron obxecto dun proceso de control de calidade, concretado na supervisión do 20% dos cuestionarios de cada entrevistador/a e un proceso intensivo de validación en tres momentos: manual, previamente á gravación dos datos en soporte magnético; mediante filtros de validación no propio proceso de gravación, e mediante unha verificación de consolidación da base de datos resultante.

A información que de seguido se expón, tirouse, pois, desa base de datos, pero convén indicar, ademais, que na análise dalgúns dos resultados do presente documento recóllense tamén datos correspondentes aos anos 2005 e 2006, ben procedentes da Enquisa que realiza o Instituto Nacional de Estadística -INE-, ben, da realizada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información -OGSI- en 2006. Cómpre advertir, no entanto, que a Enquisa do INE, baseada nun dobre cuestionario -a vivendas e a persoas-, toma como

universo de referencia o total de vivendas galegas para as cuestións relativas ao equipamento, mentres que para aquelas cuestións relacionadas coa utilización de tecnoloxías, a mostra baséase nun universo de individuos con idades comprendidas entre os 16 e os 74 anos. Por iso, e dado que os resultados que agora se presentan foron extraídos dunha enquisa realizada a unha mostra de 1.601 unidades, representativas do universo de persoas de 16 a 74 anos residentes en Galiza, a comparación entre resultados e a conseguinte evolución dos datos debe interpretarse con cautela e como ilustrativa de tendencias.

## I. EQUIPAMENTO DOS FOGARES GALEGOS


Expóñense neste primeiro capítulo os resultados da Enquisa á poboación xeral sobre a Sociedade da Información en Galiza naquelas cuestións relacionadas co equipamento tecnolóxico dos fogares. Un primeiro epígrafe dedícase ao equipamento en tecnoloxías básicas da información e a comunicación: o ordenador e o acceso a Internet; para, nun segundo apartado, analizar os datos relativos a outros equipamentos electrónicos.

### I.1. Ordenador persoal e acceso a Internet


#### I.1.1. Equipamento de ordenador

Comezando, pois, pola análise dos resultados naqueles aspectos relacionados co ordenador persoal, a enquisa realizada revela que algo máis da metade da poboación dispón de ordenador no fogar, concretamente o 56,3%, porcentaxe que pon de manifesto a presenza crecente deste equipamento nas vivendas, que aumenta 6,2 puntos respecto ao ano anterior e 13,1 respecto de 2005.

G.1. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR PERSOAL



G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR




número medio de ordenadores por fogar: 1,3

equipos conectados en rede: 33,8%

Este valor vese, non obstante, fortemente modulado desde a óptica das distintas variables sociodemográficas consideradas:

- A medida que diminúe a idade da persoa entrevistada e, pola contra, aumenta o nivel educativo, increméntase o equipamento de ordenador: un 14,5% dos individuos con idades comprendidas entre os 65 e os 74 anos dispón del na casa, proporción que entre a poboación de 16 a 24 anos ascende ata o 81,3%. Doutra banda, só un 13% de quen carecen de estudos conta con este equipamento, mentres que entre os/as titulados/as universitarios/as a proporción soborda o 85%.
- O equipamento do ordenador é tamén máis frecuente entre a poboación laboralmente ocupada -66,2%-; e en consonancia cunha menor idade, entre os/as estudantes e desempregados/as en busca de primeiro emprego<sup>3</sup> -87,8% e 80%, respectivamente-.
- Os ingresos medios mensuais do fogar semellan ser tamén unha variable influínte, pois, aínda que as porcentaxes descenden nalgún tramo concreto das rendas máis elevadas, si se constata unha tendencia pola cal conforme estas aumentan, tamén ascende a presenza de ordenador nos fogares galegos.
- E, segundo tipo de hábitat<sup>4</sup>, este equipamento é máis destacado nos municipios cualificados como intermedios -65,2%-; descendendo por baixo do 50% nas zonas rurais -48,7%-.

G.3. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO GRUPOS DE IDADE




Base: total de persoas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

<sup>3</sup> Téñase en conta para este e posteriores cruzamentos, que a submostra de desempregados/as en busca do seu primeiro emprego ten un tamaño moi reducido, polo que a súa representatividade en termos estatísticos é escasa, de aí que os datos deban interpretarse con cautela e só como apuntamentos de tendencias.


<sup>4</sup> Na Introducción deste documento detállanse as características definitorias dos distintos tipos de hábitat considerados para a realización da enquisa.

G.4. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS




Base: total de persoas.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.5. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO SITUACIÓN SOCIOLABORAL




Base: total de persoas.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.6. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR



Base: total de persoas.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.7. EQUIPAMENTO DE ORDENADOR SEGUNDO TIPO DE HÁBITAT



Base: total de persoas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Doutra banda, a media de ordenadores entre a poboación que manifesta dispoñer deste equipamento no fogar é de 1,3, equipos, que están conectados en rede no 33,8% dos casos.

A presenza de ordenadores de sobremesa (PC) está amplamente xeneralizada, xa que preto de 9 de cada 10 entrevistados/as que dispoñen de ordenador afirman ter este tipo de equipo<sup>5</sup>. Un 30,5% dispón de ordenador portátil, mentres que outro tipo de equipamentos, como as PDA ou similar están presentes nun reducido número de fogares, en concreto nun 2% dos casos.

Polo que atinxe á antigüidade dos equipos, compróbase que a dos ordenadores de sobremesa é algo maior, xa que aínda que un 52,9% ten, como máximo, tres anos, un 28,8% ten entre tres e cinco anos; fronte ao 85,5% de portátiles e o 77,8% doutras modalidades, que teñen menos de tres anos.

C.1. EQUIPAMENTO SEGUNDO TIPO DE ORDENADOR E ANTIGÜIDADE

TIPO DE ORDENADOR	Equipamento %	ANTIGÜIDADE %				Ns/Nc
		Menos de 1 ano	Entre 1 e 3 anos	Entre 3 e 5 anos	Máis de 5 anos	
Ordenador de sobremesa (PC)	88,0	10,7	42,2	28,8	14,9	3,4
Ordenador portátil	30,5	36,0	49,5	8,0	1,8	4,7
Outros (PDA, ou similar)	2,0	38,9	38,9	0,0	0,0	22,2

Base: Equipamento: persoas que dispoñen de ordenador; antigüidade: persoas que dispoñen dese tipo de ordenador.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

<sup>5</sup> Téñase en conta que se trata dunha pregunta de resposta múltiple, isto é, que é posible dispoñer de máis de un ordenador, de igual ou distinto tipo.

Doutra banda, 554 persoas, o 61,4% de quen dispoñen de ordenador na vivenda, realizaron algún tipo de gasto en equipamentos informáticos nos últimos doce meses. A media cífrase en 288 euros; mercas que en liñas xerais aumentarían en paralelo á existencia dun maior número de ordenadores no fogar.<sup>6</sup>


**C.2. GASTO MEDIO EN EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES SEGUNDO O NÚMERO MEDIO DE ORDENADORES.<sup>7</sup>**

GASTO EN EQUIPAMENTOS	NÚMERO DE ORDENADORES NO FOGAR							Total
	1	2	3	4	5	6	7	
GASTO MEDIO EN EUROS	195,4 €	490,2 €	444,3 €	95,0 €	1.750,0 €	1.800,0 €	2.750 €	288,0 €
N	397	118	25	1	2	1	2	554

Base: persoas que dispoñen de ordenador e realizaron gasto en equipamentos informáticos nos últimos doce meses.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

En canto ao 43,7% da poboación galega que non dispón de ordenador no fogar, a falta de interese neste equipamento é o principal motivo aludido, concretamente polo 55,5%; un 22% afirma, doutra banda, que ten poucos coñecementos para usalo, mentres que un 12% se refire ao seu custo. As restantes razóns presentan xa porcentaxes de mención inferiores ao 10%.

**G.8. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ORDENADOR**



Base: persoas que non dispoñen de ordenador.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

<sup>6</sup> Téñase en conta que a partir de 3 ordenadores os datos non son representativos.

<sup>7</sup> A columna correspondente ao total reflicte a media de gasto en equipamentos informáticos dos casos nos que se efectuaron mercas nos últimos doce meses, polo que a base de cálculo non se corresponde coa suma das bases segundo o número de ordenadores por fogar. Esta é, de feito, superior á suma das bases, ao ser máis elevado o número de entrevistados/as que dan cifra de gasto que o daqueles/as que indican de cantos ordenadores dispoñen.

Neste sentido, as características sociodemográficas da poboación ofrecen tendencias coherentes e que convén poñer de relevo: a falta de interese na adquisición de ordenador increméntase en paralelo a un aumento da idade dos/as entrevistados/as, o que, aínda que non de xeito tan nido tamén ocorre á hora de referir a escaseza de coñecementos en informática. Pola contra, as alusións á súa carestía son proporcionalmente máis numerosas conforme diminúe a idade das persoas consultadas. Doutra banda, un menor nivel de estudos correlaciona cunha maior falta de interese e escaseza de coñecementos, tendencias que se ven reflectidas, no caso da situación sociolaboral, entre a poboación xubilada e persoas dedicadas ás tarefas do fogar. As alusións ao elevado custo dos ordenadores son máis frecuentes, porén, entre os/as estudantes e desempregados/as en busca dun primeiro emprego. O nivel de ingresos do fogar non mostra tendencias ben definidas, podendo referirse alusións máis frecuentes á falta de coñecementos informáticos desde os fogares con menores niveis de renda.

### C.3. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ORDENADOR SEGUNDO GRUPOS DE IDADE

MOTIVOS	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Falta de interese	35,9	38,1	49,5	61,9	62,0	64,0	55,5
Teñen poucos coñecementos para usalo	2,6	17,1	14,4	16,2	29,3	30,7	22,0
Son moi caros	28,2	18,1	19,8	12,4	5,3	5,8	12,0
Xa o teñen noutro lugar (traballo, centro de estudos, etc.)	17,9	15,2	10,8	9,5	3,3	1,6	7,6
Outros motivos	12,8	5,7	3,6	2,9	4,0	2,1	4,0
Ns/Nc	10,3	8,7	4,6	6,6	6,1	7,4	6,9
Total	107,7	102,9	102,7	109,5	110,0	111,6	108,0
N	39	105	111	105	150	189	699

Base: persoas que non dispoñen de ordenador.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

### C.4. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ORDENADOR SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS

MOTIVOS	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñería técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñería superior, Doutorado	Nc	
Falta de interese	57,5	66,2	61,1	49,4	38,3	35,7	45,5	69,2	55,5
Teñen poucos coñecementos para usalo	33,8	28,5	25,0	20,1	11,7	14,3	0,0	11,5	22,0
Son moi caros	7,5	10,0	13,2	14,4	17,0	14,3	9,1	3,8	12,0
Xa o teñen noutro lugar (traballo, centro de estudos, etc.)	2,5	0,0	2,8	9,2	22,3	21,4	36,4	5,8	7,6
Outros motivos	2,5	1,5	3,5	6,9	5,3	7,1	0,0	1,9	4,0
Ns/Nc	7,5	4,6	4,1	6,9	9,7	21,5	9,0	9,7	6,9
Total	111,3	110,8	109,7	106,9	104,3	114,3	100,0	101,9	108,0
N	80	130	144	174	94	14	11	52	699

Base: persoas que non dispoñen de ordenador.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

## C.5. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ORDENADOR SEGUNDO SITUACIÓN SOCIOLABORAL

MOTIVOS	SITUACIÓN SOCIOLABORAL								Total
	Estudiante	Tarefas do fogar	Desempregado/a en busca de 1º emprego	Desempregado/a, tendo traballado antes	Xubilado/a ou invalidez laboral	Ocupado/a	Outra situación	Nc	
Falta de interese	17,6	52,2	33,3	22,6	64,1	54,5	66,7	63,8	55,5
Teñen poucos coñecementos para usalo	0,0	30,4	0,0	19,4	31,8	15,7	0,0	10,6	22,0
Son moi caros	35,3	18,5	66,7	22,6	4,5	13,6	33,3	4,3	12,0
Xa o teñen noutro lugar (traballo, centro de estudos, etc.)	23,5	6,5	0,0	12,9	1,8	11,2	0,0	6,4	7,6
Outros motivos	11,8	2,2	0,0	16,1	2,3	4,9	0,0	0,0	4,0
Ns/Nc	17,7	4,3	0,0	6,4	6,0	6,4	0,0	17,0	6,9
Total	105,9	114,1	100,0	100,0	110,5	106,3	100,0	102,1	108,0
N	17	92	3	31	220	286	3	47	699

Base: persoas que non dispoñen de ordenador.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

## C.6. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ORDENADOR SEGUNDO VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR


MOTIVOS	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR								Nc	Total
	Menos de 600€	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €		
Falta de interese	41,5	63,3	46,5	56,5	35,7	62,5	50,0	44,4	58,5	55,5
Teñen poucos coñecementos para usalo	35,8	32,9	22,1	17,4	7,1	12,5	0,0	0,0	20,0	22,2
Son moi caros	20,8	15,2	15,1	23,9	21,4	12,5	0,0	22,2	7,8	12,0
Xa o teñen noutro lugar (traballo, centro de estudos, etc.)	3,8	3,8	18,6	6,5	21,4	12,5	50,0	22,2	5,3	7,5
Outros motivos	5,7	3,8	2,3	0,0	7,2	0,0	0,0	11,2	4,5	4,0
Ns/Nc	3,7	1,3	4,7	2,2	7,2	0,0	0,0	0,0	9,7	6,8
Total	111,3	120,3	109,3	106,5	100,0	100,0	100,0	100,0	105,8	108,0
N	53	79	86	46	14	8	4	9	400	699

Base: persoas que non dispoñen de ordenador.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Pero ademais, só un 21,1% de quen na actualidade non dispoñen de ordenador na vivenda ten pensado adquirir un no futuro, e a maioría deles/as, un 17,5%, non concreta cando.

## G.9. PREVISIÓN DA COMPRA DE ORDENADOR



Base: persoas que non dispoñen de ordenador.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

## I.1.2. Acceso a Internet


Un 30,2% da poboación galega dispón de acceso a Internet na vivenda, o que supón o 53,5% de quen teñen ordenador no fogar.

Obsérvanse, a este respecto, comportamentos moi ben definidos desde o punto de vista sociodemográfico: a contratación do acceso a Internet aumenta en paralelo a un descenso da idade do/a entrevistado/a, á vez que ascende conforme o fai o nivel educativo. Nos fogares nos que reside un/ha estudante ou unha persoa laboralmente ocupada o acceso a esta tecnoloxía é tamén superior á media<sup>8</sup>; comprobándose, doutra banda, que canto maior é o volume de ingresos no fogar, máis frecuente é a contratación deste servizo. Se se atende ao tipo de hábitat compróbese, por último, que un maior grao de urbanización correlaciona claramente coa dispoñibilidade de Internet na vivenda.

Por outro lado, igual que en relación co equipamento de ordenador, a enquisa indaga os motivos polos que non se dispón de acceso a Internet. De novo, a falta de interese neste servizo é a principal razón aludida, en concreto polo 52,4% das persoas entrevistadas. A unha distancia ben significativa séguelle a falta de coñecementos para usalo -17,3%- e, cun peso, semellante, a carestía da conexión ou o equipo -14,5%- e o feito de acceder a Internet desde outros lugares -13,6%-.


<sup>8</sup> Tamén é superior á media a porcentaxe rexistrada entre as persoas clasificadas "noutra situación", se ben o reducido tamaño desta submostra impide que se poida considerar en termos de representatividade estatística.

G.10. ACCESO A INTERNET CONTRATADO




Base: total de persoas.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007

G.11. EVOLUCIÓN DO INDICADOR




Base: total de persoas (OGSI); total de vivendas (INE).  
 Fonte: anos 2005 e 2006, INE; ano 2007, elaboración propia a partir de datos da enquisa.

G.12. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ACCESO A INTERNET




Base: persoas que non dispoñen de acceso a Internet.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.13. ACCESO A INTERNET CONTRATADO ENTRE A POBOACIÓN QUE DISPÓN DE ORDENADOR NO FOGAR



Base: persoas que dispoñen de ordenador no fogar.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.14. ACCESO A INTERNET CONTRATADO SEGUNDO GRUPOS DE IDADE



Base: total de persoas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.15. ACCESO A INTERNET CONTRATADO SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS



Base: total de persoas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.16. ACCESO A INTERNET CONTRATADO SEGUNDO SITUACIÓN SOCIOLABORAL



Base: total de persoas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.17. ACCESO A INTERNET CONTRATADO SEGUNDO VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR



Base: total de persoas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.18. ACCESO A INTERNET CONTRATADO SEGUNDO TIPO DE HÁBITAT



Base: total de persoas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Pero se estes son os comportamentos xerais, desde a óptica das principais variables sociodemográficas consideradas obsérvanse tendencias diferenciadas, a saber:

- De igual xeito que co equipamento de ordenador, a falta de interese e a escaseza de coñecementos para manexar Internet refírense máis frecuentemente canto maior é a idade do/a entrevistado/a. Pola contra, o custo excesivo do servizo ou o equipo é máis aludido entre a poboación máis nova.
- Se se atende ao nivel educativo, compróbase que a falta de interese e coñecementos se incrementan en termos porcentuais entre a poboación con menor formación, destacándose, como

apuntamento de tendencia -dado que se trata de fraccións mostrais reducidas-, que o acceso a Internet desde outro lugar é frecuente entre os/as titulados/as universitarios/as.

- De novo, a falta de interese na contratación do acceso a Internet ou de coñecementos para usalo son máis frecuentes entre as amas de casa e os/as xubilados/as; mentres que a custo elevado e o acceso desde outro lugar, son proporcionalmente máis aludidos por estudantes e demandantes de primeiro emprego, unha tendencia coherente coa expresada pola distribución etaria.
- Por último, o volume medio de ingresos mensuais non mostra tendencias ben definidas, rexistrándose, paradoxicamente, maior porcentaxe de alusións á carestía do servizo, entre quen residen en fogares con niveis de renda intermedios, concretamente de entre 1.501 e 3.500 euros.

#### C.7. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO GRUPOS DE IDADE

MOTIVOS	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Falta de interese	21,5	41,2	57,3	50,3	59,9	70,2	52,4
Teñen poucos coñecementos para usalo	6,5	10,7	13,5	14,9	24,2	28,8	17,3
A conexión ou o equipo custan demasiado	29,9	19,2	18,0	14,3	8,2	4,2	14,5
Acceden desde outro lugar	34,6	23,2	12,4	13,7	4,9	2,1	13,6
Outros motivos	0,9	0,0	0,0	0,6	0,5	0,0	0,3
Ns/Nc	10,3	7,4	5,5	10,2	8,9	6,2	7,8
Total	103,7	101,7	106,7	104,0	106,6	111,5	105,9
N	107	177	178	175	182	191	1.010

Base: persoas que non dispoñen de acceso a Internet.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

#### C.8. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS

MOTIVOS	NIVEL DE ESTUDOS								Total
	Sen estudos	Est. Primarios sen rematar	Primarios, EXB ata 5º	EXB, Graduado escolar ou Bacharel elemental	BUP, Bacharel superior, FP, mestría indust., perito mercantil	Diplomat. Enxeñería técnica ou equivalente	Licenciat., Enxeñería superior, Doutorado	Nc	
Falta de interese	64,6	67,1	53,2	45,1	43,0	40,0	48,1	69,1	52,4
Teñen poucos coñecementos para usalo	27,8	25,7	20,7	17,9	7,0	7,5	3,7	12,7	17,3
A conexión ou o equipo custan demasiado	3,8	9,2	12,3	19,8	21,5	17,5	7,5	3,6	14,5
Acceden desde outro lugar	1,3	1,3	7,4	16,8	21,0	35,0	48,1	14,5	13,6
Outros motivos	1,3	0,0	0,0	0,7	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3
Ns/Nc	12,6	5,3	10,8	5,7	11,3	7,5	0,0	1,9	7,8
Total	111,4	108,6	104,4	106,0	103,8	107,5	107,4	101,8	105,9
N	79	152	203	268	186	40	27	55	1.010

Base: persoas que non dispoñen de acceso a Internet.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

## C.9. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO SITUACIÓN SOCIOLABORAL

MOTIVOS	SITUACIÓN SOCIOLABORAL								Total
	Estudante	Tarefas do fogar	Desempregado/a en busca de 1º emprego	Desempregado/a, tendo traballado antes	Xubilado/a ou invalidez laboral	Ocupado/a	Outra situación	Nc	
Falta de interese	19,0	55,0	9,1	31,1	67,1	49,7	50,0	70,8	52,4
Teñen poucos coñecementos para usalo	0,0	24,4	9,1	13,3	28,2	14,0	0,0	6,3	17,3
A conexión ou o equipo custan demasiado	31,0	13,0	36,4	28,9	4,3	16,3	25,0	10,4	14,5
Acceden desde outro lugar	39,7	6,9	27,3	17,8	3,0	16,5	25,0	14,6	13,6
Outros motivos	1,7	0,0	0,0	0,0	0,4	0,2	0,0	0,0	8,0
Ns/Nc	12,0	8,3	18,1	8,9	6,0	8,9	0,0	0,0	0,3
Total	103,4	107,6	100,0	100,0	109,0	105,4	100,0	102,1	105,9
N	58	131	11	45	234	479	4	48	1,010

Base: persoas que non dispoñen de acceso a Internet.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

## C.10. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ACCESO A INTERNET SEGUNDO VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR

MOTIVOS	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR								Total	
	Menos de 600€	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €		Nc
Falta de interese	45,3	61,5	55,0	41,3	37,9	21,4	25,0	58,3	54,5	52,4
Teñen poucos coñecementos para usalo	34,0	25,0	16,2	7,6	6,9	7,1	25,0	0,0	17,3	17,3
A conexión ou o equipo custan demasiado	11,3	16,7	16,2	32,6	31,0	35,7	12,5	0,0	10,3	14,5
Acceden desde outro lugar	5,7	3,1	12,6	17,4	10,3	28,6	12,5	33,3	15,0	13,6
Outros motivos	0,0	0,0	0,9	0,0	3,4	0,0	0,0	0,0	0,2	0,3
Ns/Nc	9,4	5,2	9,9	5,4	10,5	7,2	25,0	8,4	7,7	7,8
Total	105,7	111,5	110,8	104,3	100,0	100,0	100,0	100,0	105,0	105,9
N	53	96	111	92	29	14	8	12	595	1,010

Base: persoas que non dispoñen de acceso a Internet.


Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

En canto á tecnoloxía de acceso, cómpre indicar que en Galiza a penetración da banda larga se cifra no 23,1% do total poboacional, o que supón o 76,4% sobre o conxunto de persoas que, en efecto, dispoñen de conexión a Internet no seu fogar<sup>9</sup>. Constátase, ademais, un progresivo incremento da implantación desta tecnoloxía: 3,7 puntos porcentuais superior ao ano anterior, e 10,5 respecto de 2005, tal e como mostra o gráfico nº 20.

<sup>9</sup> Considérase tecnoloxía de "banda larga" as seguintes modalidades de conexión a Internet: dixital ADSL, cable e rede de telefonía móbil.


Desde a perspectiva das variables sociodemográficas cabe destacar as modulacións que teñen lugar segundo o nivel de estudos: a medida que aumenta o nivel educativo de quen posúen conexión a Internet, aumenta tamén o acceso a través da banda larga.

G.19. ACCESO MEDIANTE BANDA LARGA




Base: total de persoas.  
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007

G.20. EVOLUCIÓN DO INDICADOR



Base: total de persoas (OGSI); total de vivendas (INE).  
Fonte: anos 2005 e 2006, INE; ano 2007, elaboración propia a partir de datos da enquisa.


G.21. ACCESO MEDIANTE BANDA LARGA SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS



Base: persoas que dispoñen de acceso a Internet.  
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

As principais modalidades de conexión son, como reflicte o gráfico nº 22, a liña dixital ADSL e a rede de cable: o 41,9% e o 32% das persoas que teñen Internet na vivenda, respectivamente, dispoñen destas tecnoloxías, ambas as dúas en progresivo aumento nos últimos anos, en detrimento da liña analóxica con módem e a dixital RDSI.

G.22. TECNOLOXÍA DE ACCESO A INTERNET CONTRATADA




Base: persoas (OGSI), vivendas (INE), con acceso a Internet.  
 Fonte: anos 2005 e 2006, INE; ano 2007, elaboración propia a partir dos datos da enquisa (n=491).

No 63,8% dos casos a conexión a Internet supera o ano, tendo de antigüidade, a maioría, de un a cinco anos -56,6%-. Así, un 28,1% correspondería ás altas de conexión efectuadas nos últimos doce meses.


En canto aos dispositivos de acceso, a conexión a través do ordenador de sobremesa é amplamente maioritaria: o 78,9% accede a Internet a través deste tipo de equipo, independentemente de se o fai tamén desde outros dispositivos, como, por exemplo o ordenador portátil, a través do cal se conecta o 34,1% das persoas que teñen Internet na súa vivenda.

G.23. ANTIGÜIDADE DA CONEXIÓN A INTERNET



Base: persoas que dispoñen de acceso a Internet.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.24. DISPOSITIVOS DE ACCESO A INTERNET



Base: persoas que dispoñen de acceso a Internet.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

## I.2. Equipamento electrónico

Ademais do ordenador e o acceso a Internet, a enquisa indaga a dispoñibilidade doutro tipo de equipamento electrónico no fogar, obténdose os resultados que se reflicten no cadro nº 11, o cal recolle tamén o investimento medio realizado ao longo do último ano, en cada un dos citados elementos.

Da súa lectura extráese que a televisión ten en Galiza unha presenza case universal -99,4%-; que nestes momentos a telefonía móbil, en progresivo aumento nos últimos anos, supera á fixa en 9 puntos

porcentuais, cunha media de 2,2 liñas contratadas por vivenda; que o DVD está máis presente que o vídeo nos fogares galegos -74% e 58%, respectivamente-; destacándose tamén outros elementos, como a cámara de fotos dixital, da que dispón algo máis da metade da poboación.

C.11. EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO E INVESTIMENTO MEDIO NO ÚLTIMO ANO


EQUIPAMENTOS (N=1.601)	SI	NON	NS/NC	INVESTIMENTO MEDIO NOS ÚLTIMOS DOCE MESES
Televisión	99,4	0,2	0,4	519,5 €
Teléfono fixo	79,1	20,3	0,6	39,7 €
Teléfono móbil	88,1	11,4	0,5	91,4 €
Fax	10,9	87,8	1,3	120,0 €
TV dixital	22,2	77,1	0,7	178,8 €
TDT (terminal decodificadora para TV analóxica)	30,5	67,9	1,6	65,6 €
Vídeo	58,0	41,3	0,7	114,4 €
DVD	74,0	25,5	0,5	105,6 €
Vídeoconsolas	32,8	65,3	1,9	217,3 €
Radio	84,8	14,8	0,4	28,1 €
Cadea de música	64,0	35,5	0,5	202,5 €
Cámara de fotos dixital	56,8	42,4	0,8	244,0 €
Cámara de vídeo dixital	24,2	74,8	1,0	361,0 €
GPS	16,2	81,8	2,0	240,0 €
PDA	1,1	98,9	0,0	227,0 €
Sistema domótico	7,4	88,6	4,0	1.009,0 €

Base disposición de equipamento: total persoas.

Base investimento medio: total de persoas que investiron nese/s equipamento/s no citado período.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.25. TELÉFONO MÓBIL: EVOLUCIÓN DO INDICADOR



Número medio de liñas de teléfono móbil contratadas: 2,2

Base: total de persoas (OGSI); total vivendas (INE).

Fonte: anos 2005 e 2006, INE; ano 2007, elaboración propia a partir de datos da enquisa.

Co obxecto de exemplificar as eventuais diferenzas en canto á dispoñibilidade dos distintos equipamentos considerados, expóñense nos cadros nº 12 e nº 13, os cruzamentos por dúas variables sociodemográficas -a idade da persoa entrevistada e o nivel de ingresos mensuais no fogar- de tres elementos, escollidos pola súa relevancia e evolución experimentada nos últimos anos:

- A distribución etaria da poboación mostra claramente que a telefonía móbil presenta unha presenza crecente entre a poboación a medida que se descende nos grupos de idade, pasando dun 56,1% entre as persoas de 65 a 74 anos a un 99,5%, a práctica totalidade, dos mozos e mozas con idades comprendidas entre os 16 e os 24 anos. A telefonía fixa, non mostra, porén, un comportamento tan ben definido, sendo en todo caso, superior á porcentaxe media, os valores rexistrados entre a poboación maior de 54 anos.

En canto á televisión dixital, as modulacións son menos acusadas, se ben tamén se constata un paulatino incremento deste equipamento segundo diminúe a idade das persoas entrevistadas.

- Atendendo ao volume medio de ingresos mensuais, compróbase que a telefonía, especialmente a móbil, aumenta a medida que se incrementa o nivel de renda dos fogares. Esa mesma tendencia, con algunha flutuación, experimentaa tamén a televisión dixital, presente entre o 47,2% das persoas que residen en fogares cunha renda media de 2.501 e 3.000 euros, e no 44,4% dos que superan os 3.500 euros mensuais.

#### C.12. EQUIPAMENTOS SEGUNDO GRUPOS DE IDADE (peso porcentual de respostas afirmativas)

EQUIPAMENTOS	GRUPOS DE IDADE						Total
	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 a 74 anos	
Teléfono fixo	79,9	71,9	75,8	77,9	85,5	88,2	79,1
Teléfono móbil	99,5	98,2	95,5	90,4	81,6	56,1	88,1
TV dixital	25,4	26,3	22,9	23,2	18,4	14,9	22,2

Base: total de persoas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

#### C.13. EQUIPAMENTOS SEGUNDO VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR (peso porcentual de respostas afirmativas)

EQUIPAMENTOS	VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR									Total
	Menos de 600€	Entre 601 e 1.000 €	Entre 1.001 e 1.500 €	Entre 1.501 e 2.000 €	Entre 2.001 e 2.500 €	Entre 2.501 e 3.000 €	Entre 3.001 e 3.500 €	Máis de 3.500 €	Nc	
Teléfono fixo	61,3	76,2	74,6	81,0	85,3	83,3	91,7	84,4	80,1	79,1
Teléfono móbil	48,4	71,4	92,7	97,4	98,5	100,0	100,0	97,8	88,6	88,1
TV dixital	8,1	11,9	18,1	27,5	32,4	47,2	20,8	44,4	21,6	22,2

Base: total de persoas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

O cadro nº 14 recolle a frecuencia de uso dos distintos equipamentos electrónicos do fogar, destacándose pola maior asiduidade de utilización a televisión -o 94,8% manifesta vela acotío ou cando menos cinco días á semana-, o teléfono móbil -78,7%- con esa mesma frecuencia; a TDT -64,4%-; a televisión dixital -o 56,6% de quen dispoñen dela-, e a radio -54,2%-.

## C.14. FRECUENCIA DE USO DOS DISTINTOS EQUIPAMENTOS


EQUIPAMENTOS	FRECUENCIA DE USO						Total
	Diariamente, cando menos 5 días á semana	Todas as semanas, pero non diariamente	Cando menos unha vez ao mes, pero non todas as semanas	Non todos os meses	Non recorda	Ns/Nc	
Televisión (n=1.592)	94,8	2,1	0,5	0,1	0,0	2,5	100,0
Teléfono fixo (n=1.267)	59,3	32,5	4,5	1,0	0,0	2,7	100,0
Teléfono móbil (n=1.410)	78,7	15,4	1,9	0,5	0,1	3,4	100,0
Fax (n=174)	10,9	73,0	7,5	3,4	2,3	2,9	100,0
TV dixital (n=355)	56,6	31,0	0,8	0,6	0,8	10,2	100,0
TDT (terminal decodificadora para TV analóxica) (n=489)	64,4	23,5	5,3	1,4	1,2	4,2	100,0
Vídeo (n=928)	5,1	22,0	29,7	28,3	10,9	4,0	100,0
DVD (n=1.185)	8,2	36,3	36,9	13,3	2,9	2,4	100,0
Vídeoconsolas (n=525)	17,1	39,8	19,4	13,3	5,5	4,9	100,0
Radio (n=1.357)	54,2	26,4	9,4	4,6	1,5	3,9	100,0
Cadea de música (n=1.024)	25,4	32,8	21,3	11,7	4,7	4,1	100,0
Cámara de fotos dixital (n=910)	3,2	18,4	38,5	28,4	7,3	4,2	100,0
Cámara de vídeo dixital (n=387)	2,6	28,7	31,0	28,2	4,4	5,1	100,0
GPS (n=260)	10,8	50,4	16,9	13,8	2,3	5,8	100,0
PDA (n=4)	38,9	5,6	22,2	11,1	0,0	22,2	100,0
Sistema doméstico (n=119)	5,0	92,4	0,0	0,0	0,0	2,6	100,0

Base persoas que dispoñen de cada un deses equipamentos.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Noutra orde de cousas, e no que respecta aos servizos interactivos dispoñibles nos equipamentos recollidos no gráfico nº 26, compróbase que a inmensa maioría dos/as usuarios/as de teléfono móbil acceden aos servizos interactivos que incorpora este equipamento, presentando os restantes elementos tecnolóxicos un menor nivel de uso, pero en todos superior ao 50%.

G.26. ACCESO A SERVIZOS INTERACTIVOS DESDE DISTINTOS DISPOSITIVOS




Base: persoas que dispoñen de cada un deses equipamentos.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Unha das principais tecnoloxías da sociedade da información e a comunicación é a televisión. A enquisa realizada recolle distintas cuestións relacionadas con este equipamento e coas pautas de consumo da poboación galega neste eido.

Así, e en primeiro lugar, daquel 22,2% da poboación que afirma ter televisión dixital na casa, os datos obtidos revelan que a vía satélite e a emisión por rede de cable presentan un peso semellante, lixeiramente superior a desta última -26,5%, fronte a un 22%- . Así, accedería á televisión dixital terrestre un 13,5%, debendo destacarse que unha proporción significativa de entrevistados/as descoñece a modalidade de televisión dixital á que accede.

G.27. MODALIDADE DE TELEVISIÓN DIXITAL




Base: persoas que dispoñen de televisión dixital.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Un 16,8% das persoas que dispoñen de televisión no fogar -a práctica totalidade da poboación, como se indicou-, ten contratado un servizo de televisión de pago. En máis da metade destes casos a modalidade contratada é a recepción de canles a través de cable -52,1%-, mentres que un 39,3% as recibe vía satélite.

No 72,3% dos casos, a televisión de pago foi contratada hai máis de un ano e só un 12,3% ten menos deste tempo.


G.28. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN DE PAGO



Base: persoas que dispoñen de televisión.  
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.




G.29. PERSOAS QUE DISPOÑEN DE TV DE PAGO: MODALIDADE CONTRATADA



Base: persoas que dispoñen de TV de pago.  
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.30. PERSOAS QUE RESIDEN EN FOGARES CON TELEVISIÓN: MODALIDADE DE TV DE PAGO CONTRATADA



Base: persoas que dispoñen de televisión.  
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


Pode dicirse, ademais, que en liñas xerais e salvo pequenas oscilacións nalgúns tramos, o equipamento de televisión de pago presenta unha correlación cun maior volume de ingresos no fogar.

G.31. EQUIPAMENTO DE TELEVISIÓN DE PAGO SEGUNDO VOLUME TOTAL DE INGRESOS DO FOGAR



Base: persoas que dispoñen de televisión.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.32. ANTIGÜIDADE DA CONTRATAÇÃO DA TELEVISIÓN DE PAGO



Base: persoas que dispoñen de TV de pago.  
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


Atendendo agora ao sector da poboación que non ten televisión de pago e as razóns argumentadas neste sentido, predominan as referencias a considerala innecesaria -45,7%-, situándose en terceiro lugar as alusións a un custo elevado -23,2%-. Ademais, semella non ser este un servizo cunha gran aceptación entre a poboación, que en algo máis de 8 de cada 10 casos non ten previsto contratalo. Só un 8,5% vaino facer, aínda que o máis frecuente e que non se concrete cando -7,6%-.

G.33. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE TELEVISIÓN DE PAGO



Base: persoas que non dispoñen de TV de pago.  
